

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A NORMA DE USO DA REDE DE COMUNICACIÓNS E DO SERVIZO DE ACCESO A INTERNET

Esta norma regula o uso da rede de comunicacións e o servizo de acceso a internet, en desenvolvemento do indicado no [Regulamento xeral de uso das TIC na Universidade da Coruña](#).

Para aquelas cuestións que non se explicitan neste documento, como o ámbito de aplicación, a supervisión e as medidas previstas no caso de incumprimento, estarase ao indicado no dito regulamento.

A rede de comunicacións da UDC (en adiante, a rede) é a infraestrutura que posibilita a interconexión dos sistemas informáticos e dispositivos internos, así como a conexión con sistemas e dispositivos externos a través do servizo de acceso a internet. A rede da UDC comprende a rede de cables e a rede sen fíos ou rede WiFi.

1. Usos previstos

1. O uso previsto da rede e do servizo de acceso a internet é o intercambio de información e o acceso a servizos telemáticos, internos ou externos, con fins académicos, de investigación e de xestión administrativa.

2. Conexión á rede

2. O Servizo de Informática e Comunicacións (SIC) manterá un inventario actualizado dos equipos conectados á rede de cables.
3. A conexión de calquera dispositivo a esta rede requirirá dunha [solicitud](#) no portal de axuda dos servizos telemáticos da UDC, AxudaTIC. A modificación dos datos facilitados neste proceso deberá ser comunicada ao SIC.
4. A conexión dun equipo á rede WiFi requirirá da autenticación do usuario, mediante a introdución das credenciais corporativas, no momento do acceso.
5. O acceso á rede WiFi habilitarase de oficio, para as persoas pertencentes á comunidade universitaria, no momento da creación da súa conta de usuario no directorio corporativo.
6. No acceso á rede WiFi doutras persoas informarase do contido dos apartados 4 e 5 desta norma e solicitarase a confirmación de lectura.

3. Condicións de uso

7. A rede de comunicacións deberá utilizarse de xeito responsable, ético, eficiente e de acordo coa lexislación vixente, evitando calquera tipo de prexuízo a outros usuarios ou á organización.
8. A asignación de enderezos de rede é competencia do SIC, que xestionará estes recursos utilizando os mecanismos máis axeitados en función do servizo demandado.
9. A configuración dos parámetros de rede de todo equipo que se conecte á rede da UDC deberá ser a especificada polo SIC.
10. Todo equipo que se conecte á rede de cables deberá ter un nome rexistrado nos dominios *udc.es* ou *udc.gal*.
11. A UDC poderá habilitar mecanismos de control de acceso naquelas subredes da rede de cables que requiran de especial protección.

Código Seguro De Verificación	6Au+ybaD/65NCZMmTGTJvA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/09/2020 14:55:23
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/6Au+ybaD/65NCZMmTGTJvA==		



12. A UDC implantará mecanismos de filtrado de tráfico na súa rede co fin de cursar exclusivamente o tráfico que sexa necesario para proporcionar os servizos requiridos e minimizar as posibilidades dun incidente de seguridade.
13. No uso do acceso a internet deberán respectarse as políticas de uso aceptable das institucións que proporcionan este servizo á UDC:
 - a. Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (RECETGA):
<https://www.cesga.es/comunidad/solicitud-de-servicios/politica-de-uso-aceptable-de-recetga/>
 - b. Rede académica e de investigación española (RedIRIS):
[http://www.rediris.es/rediris/instituciones/politica de uso.pdf](http://www.rediris.es/rediris/instituciones/politica_de_uso.pdf)
14. Ademais do indicado nesta norma, terase en conta o indicado naqueloutras que regulen o uso dos dispositivos que se utilicen para acceder á rede.

4. Usos non permitidos

Os seguintes son usos non permitidos da rede de comunicacións e do servizo de acceso a internet:

15. O desenvolvemento de actividades que puidesen producir:
 - a) A degradación do servizo.
 - b) A destrución, manipulación ou acceso non autorizado á información que circula pola rede.
 - c) A violación da privacidade ou da intimidade doutros usuarios/as.
 - d) A deterioración do traballo doutros usuarios.
 - e) A infección por software malicioso dos sistemas informáticos conectados á rede.
16. Fins comerciais alleos á UDC.
17. Calquera transmisión de información contraria á lexislación vixente en materia de propiedade intelectual e de protección de datos persoais.
18. A execución de probas destinadas a detectar, comprobar ou explotar vulnerabilidades de sistemas alleos, sen autorización do seu administrador.
19. O acceso non autorizado a sistemas informáticos alleos.
20. A conexión de calquera dispositivo que proporcione acceso remoto á rede da UDC, distinto do corporativo.
21. A conexión de equipos de rede activos (*hubs, switches*, encamiñadores, módems, devasas, puntos de acceso WiFi etc.).
22. O uso de mecanismos que puidesen afectar á estrutura lóxica da rede.
23. A utilización de equipos que operen nas bandas de frecuencia utilizadas pola rede WiFi corporativa e a utilización de inhibidores de frecuencia dentro dos edificios e espazos da UDC, sen autorización do SIC.

5. Supervisión do tráfico da rede

24. A UDC levará a cabo, de xeito automatizado, a monitorización e inspección do tráfico que transcorra pola súa rede da rede, co fin de vixiar o cumprimento da súa normativa. Esta inspección poderá complementarse con outra manual naqueles casos que requiran unha análise máis detallada. En todos eles, estas actividades de supervisión levaranse a

Código Seguro De Verificación	6Au+ybaD/65NCZMmTGTJvA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/09/2020 14:55:23
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/6Au+ybaD/65NCZMmTGTJvA==		



cabo nos termos especificados no artigo 10 do Regulamento xeral de uso das TIC na UDC.

6. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	6Au+ybaD/65NCZMmTGTJvA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/09/2020 14:55:23
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/6Au+ybaD/65NCZMmTGTJvA==		

